

DINÁMICAS DE COHESIÓN

XOGO DAS CADEIRAS Ó REVÉS!



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Crear un ambiente de relación distendido para a aprendizaxe.
- ★ Favorecer o traballo en equipo.
- ★ Aumentar a cohesión do grupo.
- ★ Resaltar as diferenzas entre un ambiente competitivo doutro colaborativo.
- ★ Favorecer un clima de aceptación e respecto ás diferenzas.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Colocamos as cadeiras formando un círculo central (tantas cadeiras como a metade do número de alumnas e alumnos).
- ★ Poñemos música e o alumnado vai camiñando ou bailando ao redor das cadeiras.
- ★ Cando se para a música, todose todas deben sentar, ningunha persoa pode pisar cos seus pés o chan.
- ★ Retiramos unha cadeira e comeza a música de novo. Cando ningunha persoa toca cos seus pés no chan sacamos outra cadeira e poñemos de novo a música, así sucesivamente ata que queda o menor número de cadeiras posible.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Preguntas para a primeira vez que facemos a dinámica:

- ★ En que se diferencia este xogo do tradicional?
- ★ Que de positivo ten a cooperación para lograr unha meta común?
- ★ Que achega a competición?
- ★ Nunha contorna coma na que estamos, na que todas e todos podedes conseguir o sobresaliente en todas as materias, que creedes que vos pode funcionar mellor, a competición ou a colaboración?

Preguntas para veces sucesivas:

- ★ Esta é unha dinámica que, salvo grupos cun alto nivel de competitividade, non é necesario volver a realizar. Se fose o caso e observásemos un nivel de competitividade tal que non fosen capaces de desenvolver a dinámica, podedes atopar outras menos perigosas (se o grupo é competitivo, esta dinámica pode causar algún dano) nas Dinámicas para a resolución de conflitos.